

# **PROTOCOLO DA ESCOLA GALEGA DO TEATRO MUSICAL PARA O CURSO 2020/2021, NO QUE SE INCORPORAN AS RECOMENDACIÓNS SANITARIAS PARA CONTER A PANDEMIA PROVOCADA POLA COVID-19**

## **INTRODUCCIÓN**

### **1. Obxecto**

#### **1.1. Para que?**

O presente protocolo ten por obxecto crear, dentro do marco da Escola Galega de Teatro Musical, unha contorna extraescolar saudable e segura mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal da EGTM como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

#### **1.2. A quen se aplica?**

O documento é de aplicación ó persoal, familias e alumnado da Escola Galega de Teatro Musical, así como a todo aquel que acceda ás súas instalacións.

#### **1.3. Cando se revisa?**

Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

## **MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS**

### **2. Principios sanitarios básicos**

O persoal da EGTM realizará unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica proposta pola Xunta de Galicia.

Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán a mesma auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra. O mesmo fará o alumnado maior de idade.

## **2.1. Comunicaci3ns obrigatorias de sintomatoloxía ou confirmaci3n**

### **2.1.1. Profesorado**

Ante a aparici3n de sintomatoloxía compatible (polo menos unha das relacionadas no anexo I) no profesorado, non se acudirá ao centro e alumnos e alumnas, proxenitores e titores serán avisados telef3nicamente da suspensi3n das clases, ata novo aviso. As clases serán retomadas unha vez recibida atenci3n médica e descartada unha posible infecci3n por SARS-CoV-2.

### **2.1.2. Alumnado**

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e coa direcci3n da EGTM.

O alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder á EGTM. Para a identificaci3n de síntomas nos alumnos/as antes den entrar á clases, mediráselles a temperatura. Tamén se tomará unha declaraci3n responsable do alumnado e dos proxenitores ao inicio do curso escolar. Porén a medici3n de temperatura ou a avaliaci3n doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir á EGTM.

## **2.2. Que acontece se os síntomas aparecen durante as clases na EGTM?**

Ante a detecci3n de síntomas compatibles con infecci3n por SARS-CoV-2 nun alumno/a menor de idade, durante a estancia na Escola ou á chegada á mesma, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telef3nica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitud dunha proba diagn3stica. A EGTM ten habilitado un espazo específico de uso individual, para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado.

## **2.3. Un familiar ten unha proba positiva ou ten sospeita, que facer?**

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á direcci3n da EGTM.

### **3. Medidas xerais de protección individual**

#### **3.1. Distancia de seguridade entre persoas**

De forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de polo menos 2 metros nas interaccións entre as persoas na EGTM. Os postos de traballo estarán delimitados no chan. O profesorado poderá achegarse en momentos puntuais para garantir a seguridade física do alumnado en certas actividades ou para prestar axuda de ser preciso. Este achegamento estará tamén suxeito ás medidas de seguridade e aplicarase xel antes e despois de cada contacto, de chegar a realizarse.

#### **3.2. Uso de máscara**

O uso da máscara será obrigatorio SEMPRE con independencia do mantemento da distancia interpersonal e a idade do alumnado. Entendemos que esta non é unha actividade obrigatoria polo que alumnado que non estea disposto á súa utilización non poderá matricularse.

A EGTM terá máscaras de recambio a disposición do alumnado, por se tivesen algún problema coa súa, aínda que recomendamos traer unha de recambio propia nun estoxo.

#### Que pasa si o alumando non quere usar a máscara?

O incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo implicará a expulsión puntual ou total do alumno/a. No caso do alumnado maior de idade, poderá implicar unha denuncia policial. No caso dos alumnos/as menores de idade, chamarase ós sus proxenitores ou titores para que os veñan recoller, valorando a súa expulsión de repetirse a conducta.

#### **3.3. Outras medidas de importancia**

- O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sácala, así como dos protocolos de substitución e lavado.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. Á

entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas da realización da hixiene de mans.

- A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido. (En contadas ocasións).
- A ventilación dos espazos durante media hora antes e despois de cada clase.
- O uso dos dispensadores de solución hidro alcohólica na entrada e en espazos comúns.
- Ao tusir ou esbirrar, facelo contra a flexura do cóbado.
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esbirrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, ou tocar material susceptible de ser compartido.

### **3.4. Eventos e actividades**

Evitaranse aquelas actividades que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos, así como as que exixan unha especial proximidade.

### **3.5. Uso de material**

O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Na entrada da aula haberá un espazo diferenciado para o material de cada alumno/a de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros/as.

### **3.6. Equipos de traballo comunitarios**

A EGTM eliminará os equipos de traballo comunitario para evitar posibles riscos.

## **4. Medidas xerais de limpeza na EGTM**

### **4.1. Organización da limpeza**

Establécense dúas quendas de limpeza e ventilación do espazo en horario de tarde: de 19:00 a 19.30 e de 21:30 a 22:00. En que consiste o noso protocolo de limpeza:

1- Conexión dos sistemas de ventilación e aspersion do espazo e apertura de portas.

2- Desinfección da tarima e os cuartos de baño con desinfectantes homologados, incluídos na lista de desinfectantes recomendados polo Ministerio de Sanidade para combater a SARS-CoV-2.

3- Desinfección de picaportes e instrumentos con aerosois ou dilucións alcohólicas, ou lixivia.

4- Limpeza das zonas comúns con desinfectantes homologados, incluídos na lista de desinfectantes recomendados polo Ministerio de Sanidade para combater a SARS-CoV-2.

Sempre que se realicen tarefas matinais na aula ou en fin de semana repetirase o proceso de desinfección do espazo.

## **5. Medidas xerais de protección colectiva**

### **5.1. Medida principal de protección colectiva**

O uso da máscara por todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva.

### **5.2. Outras medidas de protección colectiva**

- Na entrada da escola disporase de produtos de hixiene que permitan, tanto ao persoal do centro coma ao alumnado e usuarios dos espazos de atención ao público, realizar unha adecuada hixiene das mans.

- O alumnado solicitará o uso dos espazos específicos como servizos, ó profesorado, que realizará unha desinfección previa e posterior destes. Utilizarán xel hidroalcohólico antes do seu uso.

- Deben manterse as distancias mínimas de seguridade, tanto nos accesos como no interior da aula.

## **6. Que facer cando se teñen síntomas?**

Non asistirán ao centro aquelas persoas que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

### **6.1. Que acontece cando os síntomas aparecen no centro educativo?**

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 na escola, tomaranse as seguintes medidas:

Levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado menor de idade. A persoa responsable do alumno deberá chamar ao teléfono de referencia do SERGAS e seguir as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. No caso de falar dun maior de idade, debe abandonar a EGTM protexido por máscara cirúrxica, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. De confirmarse o positivo, darase aviso a todo o alumnado e familias do grupo de estudo e a clase quedará en corentena. De ser necesario, tras a avaliación médica, o período de corentena poderase estender ós demais grupos da escola. As clases non serán suspendidas, pasarán a ser online, con conexións grupais nos mesmos horarios.

### **6.2. Cales son as medidas sanitarias que se activan?**

A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.

Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguíanse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

## **7. Regulación de circulacións e de entradas e saídas**

- Deberán respectarse as distancias de seguridade na fila de entrada. Para evitar aglomeracións recoméndase que os alumnos/as máis pequenos sexan acompañados por un único adulto.
- O uso de máscara é obrigatorio para os acompañantes, aínda que non entren na escola.
- A atención ás familias e novo alumnado interesado, será telefónica para evitar contactos directos.
- Na entrada e saída da aula o profesorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.

## **8. Consideracións xerais na aula.**

- Antes de entrar á aula, cada alumno/a deixará o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome, no espazo delimitado para elo na entrada.
- Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans.
- Evitarase na medida no posible, o desprazamento do alumnado na aula, intentando realizar a actividade física dentro do espazo persoal delimitado. Os desplazamentos forzosos para o cambio de actividade, faranse de xeito ordeado e controlado polo profesorado. Enténdese por cambio necesario, pasar do espazo de movemento ó espazo de canto ó redor do piano, ou ó espazo de representación.

## **9. Uso dos aseos**

O uso dos aseos estará limitado a unha única persoa simultaneamente. O alumnado deberá hixienizar as mans á entrada e saída do mesmo, dar aviso ó profesor/ra do seu uso e agardar a que este/a o desinfecte antes e despois do uso.

## **10. Medidas específicas para as ensinanzas de réxime especial**

Seguindo co cumprimento das normas da Xunta de Galicia, non se poderán realizar as representacións escénicas sen máscara. Ademais quedan suxeitas á

limitación de aforos e concesión de espazos.

## **11. Medidas específicas para o profesorado da EGTM**

- Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.
- O profesorado disporá dunha dotación de material de hixiene. Responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.
- As reunións de titorías serán telefónicas.

## **12. Pagos**

Dentro do posible facilitarase o pago das cuotas por conta bancaria para evitar movemento de diñeiro entre distintas mans.



## ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

PRESENTOU NAS ÚLTIMAS 2 SEMANAS?		NON	NON
PROBLEMAS RESPIRATORIOS	FEBRE DE + 37,5C°		
	TOSE SECA		
	DIFICULTADE RESPIRATORIA		
OUTROS SÍNTOMAS	FATIGA SEVERA		
	DOR MUSCULAR		
	FALTA DE OLFATO		
	FALTA DE GUSTO		
	DIARREA		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
TIVO CONTACTO NAS ÚLTIMAS 2 SEMANAS?	CUNHA PERSOA COVID19 + CONFIRMADO?		
	CUNHA PERSOA EN ILLAMENTO POR SOSPEITA DE INFECCIÓN POLA COVID19?		
CONVIVIU NAS ÚLTIMAS 2 SEMANAS?	CUNHA PERSOA COVID19 + CONFIRMADO?		
	CUNHA PERSOA EN ILLAMENTO POR SOSPEITA DE INFECCIÓN POLA COVID19?		

## **ANEXO 2. NORMAS DE ACCESO COVID19**

- **MANTER A DISTANCIA DE SEGURIDADE NA ENTRADA.**
- **NAIS E PAIS, DEBERÁN AGARDAR FÓRA DAS INSTALACIÓNS TANTO Á ENTRADA COMO Á SALIDA.**
- **É OBRIGATORIO O USO DE "MASCARILLA". (NAS ACTIVIDADES QUE REQUIRAN A VISIÓN DA CARA FACILITAREMOS PANTALLAS DESINFECTADAS PARA CADA PERSOA, MANTENDO NESTAS A DISTANCIA DE SEGURIDADE).**
- **NON SE PERMITIRÁ O ACCESO CON ALIMENTOS. AS BOTELLAS DE AUGA QUEDARÁN NA ENTRADA, NO ESPAZO CORRESPONDENTE Á CADA ALUMNO/A.**
- **RECOMÉNDASE TRAER OUTRO PAR DE CALCETÍNS.**
- **O ALUMNADO AGARDARÁ NA PORTA A QUE SE LLE TOME A TEMPERATURA E SE LLE BOTE XEL NAS MANS PARA PASAR.**
- **A ENTRADA Á AULA SERÁ SEN ZAPATOS. HABERÁ QUE DEIXALOS NO LUGAR INDICADO, XUNTO COA AUGA E DEMAIS OBXECTOS PERSOAIS.**
- **PEDIR SEMPRE PERMISO PARA USAR OS SERVIZOS, AGARDANDO A DESINFECCIÓN PREVIA E POSTERIOR.**
- **RESPECTAR AS MARCAS DO CHAN PARA MANTER AS DISTANCIAS.**
- **NON TOCAR AOS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS.**
- **SAÍR ORDENADAMENTE BAIXO AS INDICACIÓNS DO PROFESORADO.**